

The background of the top half of the page is a solid blue color. Overlaid on this is a faint, light blue graphic of a hand with the index finger pointing upwards. Surrounding the hand is a network of small, light blue circular icons, each containing a stylized human figure, connected by thin lines, suggesting a digital or social network.

# PLAN DIXITAL

**CPR PLURILINGÜE LA  
GRANDE OBRA DE ATOCHA**

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

O CPR Plurilingüe La Grande Obra de Atocha é un centro católico, privado concertado, situado na rúa Don Baltasar Pardal Vidal 1 de A Coruña e dirixido polo Instituto Secular Fillas da Natividade de María. Os niveis educativos presentes no centro son os seguintes:

- Educación Infantil
- Educación Primaria
- Educación Secundaria
- Bacharelato
- FP Básica de Servizos Administrativos
- Ciclo Medio de Formación Profesional de Xestión Administrativa
- Ciclo Superior de Educación Infantil

No curso 21/22 o número de alumnos matriculados foi 1305 e o número de profesores 98 (contando persoal de baixa e substitutos).

As principais direccións de correo electrónico para a comunicación có centro son as seguintes:

- [direccion.goatocha@ishnm.com](mailto:direccion.goatocha@ishnm.com)
- [secretaria.goatocha@ishnm.com](mailto:secretaria.goatocha@ishnm.com)

Máis información pódese atopar na súa páxina web: <http://lagrandeobradeatocha.com/>

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O contorno urbano do noso colexio é o correspondente a un distrito de clase media. Detectamos, que a influencia na educación dos nosos alumnos procede, non tanto do específico e estrito ámbito xeográfico e socioeconómico no que está situado o colexio, senón dos valores, estilos de vida e vivencias sociais presentes na sociedade urbana. Así pois, se constata que o sistema de valores dende o que o colexio pretende orientar a súa acción educativa, é claramente diverxente co sistema de valores promovidos pola sociedade na que está inserto.

En canto a incardinación do PD no proxecto educativo do centro pódese destacar as seguintes contribucións:

- No curso 2007-2008 prodúxose a primeira mellora destacable nas infraestruturas en TIC motivada pola actuación da Fundación Amancio Ortega no Centro
- O proxecto Abalar posto en marcha no curso 2010-2011 pola Consellería de Educación implantado nos cursos de 5º e 6º de E.P. e 1º e 2º da ESO
- Os alumnos de 5º e 6º E.P. están a traballar co proxecto E-DIXGAL da Consellería de Educación, o que ten coma obxectivo por en marcha o libro dixital, para acadar dito fin, docentes e alumnos desenvolveran a súa actividade educativa diaria nun entorno virtual de aprendizaxe.

- Proxecto “Uno por Uno” implantado no curso 2020-2021 combina o uso na aula de un dispositivo Chromebook coa Suite de Google para Centros Educativos. No vindeiro curso 2022-2023, este proxecto estará presente dende 3º de Educación Primaria en adiante. Ademais, grazas ao proxecto “Uno por Uno” cada un dos estudantes do centro posúen unha dirección de correo electrónico corporativo coas conseguíntes vantaxes proporcionadas pola Suite de Google.
- A raíz do proxecto anterior, no curso 2021-22, có aumento significativo de dispositivos no centro e ante a necesidade dun maior control po lo profesorado incorporouse un software específico de filtrado web, filtrado específico de Youtube e xestión dos dispositivos na aula.
- Eleccións de materias de libre configuración relacionadas coa dixitalización:
  - Nos curso de 5º e 6º de E.P. e 1º e 2º da ESO traballan con Progrentis co obxectivo de perfeccionar a destreza da lectura comprensiva.
  - Os alumnos de 1º ESO, cursan á materia de programación (LOMCE)
  - En 4º ESO, 1º y 2º de Bacharelato o Centro oferta a materia de Tecnoloxía da Información e Comunicación (LOMCE)
  - O Centro, dando resposta a unha demanda de formación, dun mundo globalizado e que cada vez esixe máis capacidades nos alumnos, oferta actividades complementarias de robótica e informática. Co obxectivo de estimular o pensamento creativo: axudando a seleccionar, crear e manexar información de diferentes tipos. A robótica presenta a tecnoloxía ós rapaces dunha forma lúdica, onde se experimentan as recompensas de comprensión e realización.

De cara ao curso 22/23 e dependendo dos contidos curriculares das materias incorporárase nas programacións xerais de aula algúns dos seguintes puntos:  
Verificación da calidade da información

- Capacitar ó alumnado dun uso seguro e responsable na rede
- Proxecto “Uno por Uno” que permitirá aos alumnos con Chromebooks persoais mediante a plataforma Workspace de Google.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Na **lei orgánica 2020/3 de 29 de decembro** se indica como un dos seus fines: *“La capacitación para garantizar la plena inserción del alumnado en la sociedad digital y el aprendizaje de un uso seguro de los medios digitales y respetuoso con la dignidad humana, los valores constitucionales, los derechos fundamentales y, particularmente, con el respeto y la garantía de la intimidad individual y colectiva”*.

Froito desa necesidade que ademais esixe a sociedade actual na que vivimos, onde a tecnoloxía e unha ferramenta de moitos profesionais así como unha das fontes de ocio máis usadas, e necesario a implementación nas aulas de actividades que desenrolen a adquisición da **competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería**.

Para dita implementación faise necesaria unha organización e estrutura dixital no centro. A **resolución do 3 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, que dita as instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022**, e a chave que vai permitir aos centros educativos que o mundo dixital sexa unha ferramenta habitual dentro da labor docente.

#### 1.4. Proceso de elaboración

Na elaboración do Plan Dixital conformouse un equipo de Dinamización para levar a cabo as tarefas encomendadas nos diferentes pasos do proceso. Estes pasos foron os seguintes:

1. Obtención de información do estado actual do centro a través de dúas fontes principais de información:
  - a. Enquisas SELFIE ao alumnado dende 5º de Educación Primaria e a todo o profesorado do centro.
  - b. Test de Competencia Dixital Docente dirixido a todo o profesorado.
2. Análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO) a partir da información obtida no paso anterior
3. Elaboración dun Plan de Acción baseado nas principais debilidades obtidas no apartado anterior.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Mantemos unha infraestrutura consistente na informatización de dous edificios (un corresponde as aulas en 1º e 2º da ESO, e outro ao pavillón de Bacharelato). Cada edificio conta cuns cableados horizontais FTP Cat. 5e que conflúen nun único rack. Hai 23 bocas de rede ubicadas nos teitos ó longo das aulas preparadas para acoller puntos de acceso Wifi. Ambos racks encóntranse interconectados entre sí por unha fibra multimodo. En cada rack instalouse un Switch Cisco Catalyst 3560, Estos contan con sendos módulos SFP GLC-SX-MM para fibras multimodo que permiten interconectarse entre sí, establecéndose así comunicación entre ambos edificios. As bocas destes switches teñen a capacidade de alimentar “in-line” a calquer punto de acceso conectado a eles. Os edificios informatizados contan con varios puntos de acceso dando unha cobertura Wifi casi total a éstos, dita conexión está conectado co Cortafogos. Un dos racks mencionados está equipado con tres servidores Llinux acompañados dun SAI. Os servizos ofrecidos á rede son os seguintes: Cortafogos; Proxy; filtro de contidos web; servidor de domino; servidor de ficheiros; servidor de impresión; directorio de usuarios; servidor FreeRadius para autenticación WPA da rede Wifi; Backup en cinta LTO3. En canto ao pavillón de Santa Justa y Rufina, onde atópanse as aulas de 3º a 6º de Educación Primaria, hai unha red wifi repartida en varios puntos polas aulas desde o primeiro piso ata o último. A sinal sae dun switch colocado no segundo piso.

Os alumnos de 3º e 4º de Primaria e a partir de 1º de ESO, dispoñen dun ChromeBook personal (630 equipos); ademais, os alumnos 3º e 4º da ESO e Bacharelato, Ciclos Formativos e FP Básica que non teñen ChromeBook, dispoñen de 160 portátiles distribuídos nos catro andares do pavillón de Bacharelato (130 portátiles) e 30 equipos no pavillón de Ciclos Formativos. Os alumnos de 5º e 6º de primaria atópanse dentro do proxecto Edixgal con 211 portátiles depositados en armarios especiais equipados con alimentación eléctrica para a recarga de baterías, así como un portátil para cada profesor.

Nos pavillóns informatizados hai tres impresoras conectadas á rede vía Wifi. (unha no pavillón do 1º e 2º da ESO, unha no pavillón de Bacharelato e unha no pavillón de Santa Justa e Rufina (de 3º e 6º E.P.).

En canto á actual situación das TIC, o Centro conta con páxina Web, sala de pastoral con dous ordenadores e unha impresora, sala de Primaria con dous ordenadores; sala de Bacharelato con un ordenador e dúas impresoras; unha aula con tableiro dixital, de uso común, ademais dun portátil, para o uso do profesorado, ademais o Centro conta con pizarras dixitais en tódalas aulas dende E. Infantil ata 2º Bacharelato, incluíndo os Ciclos de Formación Profesional e FP Básica, tamén contan con ordenador de aula en ditos niveis educativos.. Tódolos profesores contan cun portátil, e teñen acceso a estrutura da rede GOA.

Para o mantemento do equipamento informático contase ca colaboración do profesorado e unha empresa externa. Unha vez ubicado o problema se o profesorado non é capaz de resolvelo, trasládase a incidencia a empresa de mantemento, contratada polo centro; se é un problema de fácil solución fórmase o profesorado para que ante a mesma incidencia podan resolvela, e así mesmo os profesores formarán ós alumnos nos problemas triviais que xurdan co funcionamento dos equipos.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para obter a información do estado actual do centro empregáronse dúas fontes principais de información: SELFIE e test de competencia dixital docente (Test CDD):

**Autoavaliación SELFIE.** A ferramenta SELFIE reúne de forma anónima as opinións do alumnado, profesorado e equipo directivo sobre o modo no que a tecnoloxía é usada no centro. Utiliza enunciados breves y simples cunha escala de valoración de 1 a 5. Os enunciados poden englobarse en diferentes ámbitos tal e como pódese ver na táboa seguinte no que ven recollido o resumo das valoracións por área, nivel educativo e grupo que o realiza. Cómpre destacar que non houbo participación do equipo directivo en ESO y FP por baixa temporal.

Areas	Grupos	Ensinanzas			
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP
<b>A -Liderado</b>	Equipo Direct.	5		4	
	Profesorado	4,3	4,3	4,4	4,1
	Alumnado				
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.	3,3		4	
	Profesorado	3,8	3,7	3,6	3,9
	Alumnado	3,8	3	2,3	3,2
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.	4,3		4,5	
	Profesorado	4,3	4,3	4,4	4,1
	Alumnado	4,3	3,8	3,4	3,3
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	4,3		4	
	Profesorado	4,1	4	4	4
	Alumnado				
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	4,8		4,2	
	Profesorado	4,6	4,5	4,5	4,7
	Alumnado		4,1	4,1	4,2
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	4		3,8	
	Profesorado	4,3	4,2	4	4,3
	Alumnado	3,9	3,5	3,3	3,7
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	4		3,6	
	Profesorado	3,9	3,8	3,7	4,2
	Alumnado		3,2	2,7	3,3
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	4		4,1	
	Profesorado	4,3	4,3	4,1	4
	Alumnado	4,4	3,5	3,3	3,4

**Test CDD.** O Profesorado de todo o centro realizou un test de competencia dixital docente proporcionado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia. En primer lugar na seguinte táboa pódese ver a participación do profesorado en función da súa situación laboral.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>LABORAL</b>	74	91	81%
<b>SUBSTITUTO</b>	2	10	20%

En relación aos resultados obtidos pódese observar nas seguintes táboas como a puntuación media do test no centro e superior á puntuación media do test en Galicia. De feito en tres de catro niveis educativos, a media é superior.

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
89,8	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>Inf</b>	57,8	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
<b>Pri.</b>	84,6	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
<b>ESO</b>	103,6	Experto/a (B2)	79,2	Integrador/a (B1)
<b>F.P</b>	97,9	Experto/a (B2)	80,3	Integrador/a (B1)

Por último pódese comprobar a distribución do profesorado por niveis.

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	1	1,3%
<b>A2</b>	16	21,1%
<b>B1</b>	30	39,5%
<b>B2</b>	20	26,3%
<b>C1</b>	8	10,5%
<b>C2</b>	2	2,6%
<b>TOTAL</b>	77	101,3%

**Outras fontes:** Ademais das dúas fontes comentadas anteriormente, fíxose un pequeno debate entre o grupo de dinamización do Plan Dixital a partir dunha serie de preguntas proporcionadas polo equipo ADIX o que axudou a clasificar finalmente as debilidades e fortalezas na análise DAFO.

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>Infraestructuras e Dispositivos digitales para la enseñanza</li> </ul>	
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nuevas modalidades de enseñanza</li> <li>Evaluación digital</li> <li>Intercambio de experiencias</li> <li>Empleo de entornos virtuales de aprendizaje</li> <li>Creación de recursos digitales</li> <li>Busca e selección de recursos</li> <li>Aprendizaxe profesional</li> <li>Ensino con tecnoloxías dixitais</li> <li>Desarrollo profesional en línea a través de la colaboración</li> <li>Transformación da práctica docente co uso da ferramentas dixitais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Recursos educativos abiertos</li> <li>Implicación/Motivación del alumnado</li> <li>Necesidades de DPC</li> <li>Autorreflexión sobre el aprendizaje</li> <li>Debate sobre el uso de la tecnología</li> <li>Incorporación nas diferentes materias de conceptos como a verificación da calidade da información, comportamento seguro e responsable do alumnado na Internet etc.</li> <li>Capacitar ao alumnado dun uso responsable</li> <li>Desarrollo profesional a través de redes profesionais</li> </ul>
	PERSOAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coumunicación vía CIFRA (excepto Ciclos)</li> </ul>	
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> <li>Habilidades digitales para diferentes materias</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolver problemas técnicos (alumnado)</li> <li>Incorporación nas diferentes materias de conceptos como a verificación da calidade da información, comportamento seguro e responsable do alumnado na Internet etc.</li> </ul>



	<b>FAMILIAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comunicación vía CIFRA (excepto Ciclos)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Conocimiento técnico das familias</li> </ul>
	<b>OFERTA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nuevas modalidades de enseñanza</li> </ul>	
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nuevas modalidades de enseñanza</li> <li>• Comunicación Organizativa</li> <li>• Comunicación vía CIFRA (excepto Ciclos)</li> <li>• Existencia dunha estratexia dixital.</li> <li>• Estabilidade laboral do persoal docente e non docente.</li> </ul>	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Achegas económicas que recibe o centro.</li> </ul>
	<b>LEXISLACIÓN</b>		
	<b>CONTORNA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Relación coa/a ANPA/s.</li> </ul>	
	<b>ANPA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Acceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Condicións socioeconómicas da contorna.</li> </ul>
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		

### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a realización do Plan de Acción partimos das debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades definidas na análise DAFO. O equipo de dinamización do PD decidiu centrarse nas debilidades, das que se foron debatindo unha por unha e clasificando segundo a súa relevancia. Finalmente os catro obxectivos nos que se vai traballar o próximo curso poden verse nas seguintes táboas:

## Primer Obxectivo

"Área/s de mellora": F. Pedagogía: Implementación na aula						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Incorporar nas diferentes materias conceptos como a verificación da calidade da información, comportamento seguro e responsable do alumnado na Internet etc. (H1 e H3 SELFIE e 6.5 CDD)				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo de dinamización Plan Dixital				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de profesores que realizan unha actividade de verificación de calidade (profes Ciencias Sociales desde 5º EP hasta 4º ESO)					
<b>Valor de partida (3)</b>	10% do profesorado					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	70% do profesorado			22/06/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1: Preparación taller de verificación de noticias</b>	Equipo de dinamización Plan Dixital	31/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: Presentación do taller de verificación de noticias ao profesorado</b>	Equipo de dinamización Plan Dixital	1/04/2023	Profesorado de ciencias sociais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3: Posta en práctica do taller có alumnado</b>	Equipo de dinamización Plan Dixital	22/06/23	Hora da materia de ciencias sociais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Segundo Obxectivo

"Área/s de mellora": H. Competencias dixitais do alumnado.						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	<b>Capacitar ao alumnado dun uso responsable (H3 Selfie). Plan Director</b>				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo de dinamización Plan Dixital				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de alumnos que asisten a formación do uso responsable das redes					
<b>Valor de partida (3)</b>	0% do alumnado (desde 5º EP hasta 4º ESO)					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	80% do alumnado (desde 5º EP hasta 4º ESO)			22/06/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>A01.1: Creación dun slogan a través dun concurso para a campaña de marketing</b>	Equipo de dinamización Plan Dixital	31/12/2022	Bases do concurso		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A01.2: Contacto con relatores para dar charlas de formación ao alumnado</b>	Equipo de dinamización Plan Dixital	31/12/2022			<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A01.3: Charla de formación ao alumnado</b>	Equipo de dinamización Plan Dixital	1/04/2023	Relatores		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A01.4: Realización da campaña de marketing</b>	Equipo de dinamización Plan Dixital e equipo de márketing	22/06/23			<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## Terceiro Obxectivo

"Área/s de mellora": E. Pedagogía: apoios e recursos.						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Aumentar o grado de utilización de recursos educativos abertos (E5 Selfie)				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo de dinamización Plan Dixital				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de profesores que usan recursos educativos abertos (a través dun formulario)					
<b>Valor de partida (3)</b>	5% do profesorado (desde 3º EP)					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	40% do profesorado (desde 3º EP)			22/06/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>A01.1: Creación dun repositorio</b>	Equipo de dinamización Plan Dixital	31/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A01.2: Creación do documento informativo das Creative Commons</b>	Equipo de dinamización Plan Dixital	1/04/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A01.3: Enquisa para coñecer o grado de uso dos recursos educativos abertos</b>	Equipo de dinamización Plan Dixital	22/06/23			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Cuarto Obxectivo

"Área/s de mellora": H. Competencias dixitais do alumnado.						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Capacitar ao alumnado para resolver problemas técnicos (H13 Selfie)				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo de dinamización Plan Dixital				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Media de pregunta SELFIE (Resolver problemas técnicos (alumnado)) contestada polos alumnos					
<b>Valor de partida (3)</b>	2,88					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	3,25			22/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>A01.1: Creación do documento FAQ</b>	Equipo de dinamización Plan Dixital	31/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A01.2: Envío a alumnos e profesores</b>	Equipo de dinamización Plan Dixital	31/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A01.3: Enquisa para comprobar resultados</b>	Equipo de dinamización Plan Dixital	22/06/23			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### **3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas**

Debido ao crecemento no número de equipos informáticos por alumno e a externalización dos discos LAN actuais ao almacenamento en Google Drive, o Centro vai cambiar o servidor antigo para un equipo que se adapte mellor ás necesidades actuais.

O servidor actual ten máis de 15 anos e é preciso renovalo de maneira que se mellore a xestión das conexións dos equipos maioritarios do Centro que son actualmente Chromebooks.

Dotación en todas as aulas de FP Básica e FP Ciclo Medio de armarios de cargas para dispor dun equipo portátil de Centro para cada un dos alumnos. As imaxes do sistema operativo destes equipos serán configuradas para as necesidades específicas do alumnado de FP.

## **4. Avaliación do plan**

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital reunirse polo menos unha vez ao final de cada trimestre, no contexto da avaliación procesual. Para valorar a implantación do Plan, analizando e valorando os resultados, teranse en conta as táboas do Plan de Acción. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

Ademais o Equipo de Dinamización, no contexto da avaliación final, reunirse ao final do curso escolar para valorar o grao de logro dos obxectivos e as propostas de mellora para vindeiros anos tendo sempre en conta as táboas do Plan de Acción acordadas previamente.

## **5. Difusión do plan**

En primeiro lugar o Plan Dixital presentarase no Consello Escolar.

Por outro lado a difusión do Plan levarase a termo por parte do equipo de Dinamización do Plan Dixital mediante correo electrónico a todo o profesorado e tal e como recóllese nun dos obxectivos do Plan de Acción mediante unha campaña de marketing.